

POESÍA Chus Pato, Manolo Bragado, María Xosé Queizán, Fernán-Vello, Helena González e Ana Romaní achéganse ó mundo de Xela Arias, marcado pola paisaxe urbana

Do tempo da **estrañeza**

Poetas e compañeiros salientan a traxectoria singular dunha autora que, sobre todo, indagou

maré • Santiago

“Esta é unha cousa increíble. Para o equipo de Xerais é unha perda durísima”. Quen así fala é o director da editorial viguesa, Manolo Bragado, que onte aínda non daba dixerido a morte dunha poeta que estaba estreitamente ligada á súa empresa e atópase en plena eferescencia creativa. Para Bragado, tratábase “dunha poeta reflexiva e de depuración”, con poucos títulos no seu haber—cinco en 17 anos de actividade— debido, engade o editor, “a que era moi esixente consigo mesma”. Xela, di Bragado, “escribía para poñer en orde as ideas preconcebidas das cousas que se podían ter e confrontalas coa experiencia”, característica que, ó seu xuízo, percorre a totalidade da súa obra.

A poeta Chus Pato considera que Xela Arias é unha escritora da violencia existencia, que “non rexeitou escribir sobre aqueles aspectos máis duros da existencia e que os asumiu como condición humana” para producir “versos de grande impacto”. Para Pato, ela concibía o poema como unha aventura e unha aposta polo descoñecido. “Teño a sensación”, subliñaba onte, “de que rexeitaba modelos trillados, convencionais e apostaba por unha liña na que a escrita camiñase uns pasos diante. É como se ela tivese que ir correndo detrás, de tal maneira que o esplendor dos seus versos se producía precisamente cando a atrapaba esa escrita”. Era, ademais, “unha autora que valoraba a vangarda, non porque ela quixese facer unha poesía de vangarda, senón porque soubo recoñecer a fenda que supuxeron as vangardas, esa que nos fai desconfiar da comunicación cotiá”.

En palabras da crítica Helena González, Xela Arias era “moi difícil de situar xeracionalmente”, anque sexa unha muller moi presente no paso dos oitenta ós noventa. Helena González valora especialmente *Tigres como cabalos* por espertar moitas emocións: “Por vez primeira aparecía unha poeta cun corpo moi fermoso e isto confundiu a parte do público, que se deixaron levar polo corpo, polo obxecto, máis que pola nudez que a autora amosaba nos poemas”.

Inscribiuse, neste sentido, nunha “xeración de mulleres que situaban o seu corpo sen medo na sensualidade para escribir con voz feminina”, unha escritora “valente” que se enfrontaba á escrita “con violencia”, facendo “un roteiro propio e moi coherente polo que alancaba cara a unha poesía cada vez máis sincera. O seu traballo poético era un traballo de verdade”.



Xela Arias tal como aparecía en 'Tigres coma cabalos'

Xela Arias De 'Intempériome'

De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta números.

Eras moza, cómplice nunha derrota que non sumabas. Felix por terte insomne por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos e coñecidos, sabemos de morte o legado inútil.

Pero ¡que ridículo!, ¿non?, abraza-lo feito feliz de xa medrar -camiñar ás aforas— en tempos asepticamente tan Alienados.



Xulio Gil foi o autor das fotografías do polémico libro

María Xosé Queizán, directora da colección *As Literatas* de Xerais, na que Xela Arias publicou boa parte das súas últimas traducións, manifestaba onte a súa dor “polo mazazo” da morte da escritora, que ela cualificou como “unha tradutora fantástica, esmerada e moi coidadosa”. Como poeta, “ten uns acertos extraordinarios” a partir dunha lírica “tremendamente orixinal”. Unha poesía, engade, “que non se parecía á de ninguén, moi profunda, moi vangardista”.

Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Espiral Maior, onde a poeta publicou o seu derradeiro poemario, *Intempériome*, indicou que a súa morte “é unha fenda”, un “golpe” que lle chega precisamente cando estaban preparando a presentación do volume en Vigo, prevista para dentro de dúas semanas. “Como todas as mortes esta é unha morte inxusta... É difícil explicar o que sinto porque aínda estou baixo os efectos da noticia”.

Respecto da súa obra, Fernán-Vello asegura que en *Intempériome* “recupera un espazo e un tempo perdido”. É, precisa, “unha poesía radical que nace dunha sentimentalidade tamén radical, moi atenta ó espazo urbano. Pero tamén é unha denuncia da deshumanización. Unha poe-

sía da experiencia íntima dunha poeta enfrontada á realidade. Este espírase, de *Intempériome*, de mostrarse, ten que ver moito con esa visión que ela ten da realidade”.

Ana Romaní, compañeira de xeración e numerosos recitais, estaba onte conmovida. “Perder unha persoa en plena actividade creativa e cunha voz tan interesante, é sempre trágico”. A Ana Romaní interésalle, especialmente, a relación de Xela Arias cos libros, é dicir as distancia que establecía entre unha publicación e outra, porque “a poesía necesita o seu tempo e ela foi quen de descubri-lo”.

De *Intempériome* subliña o feito de que sexa un libro de “reflexión e reencontro co tempo da creación, co tempo que vivimos, consigo mesma en relación co mundo... Ela estaba moi satisfeita, moi emocionada polos camiños que se lle abrían. Era unha muller que xa indagaba desde *Denuncia do equilibrio*, e non se asentaba na súa propia voz”.

Salienta de Arias a súa pertenza a unha xeración “que quedaron nas marxes da Literatura ou da maneira en que se ten de explicar a literatura. Son voces, moi persoais e distintas, que non están englobadas nos grupos e que están a xogar un papel moi importante”. ●